

EXP. 606/2023

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 05/12/2023 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.4. Solicitude de subvención da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras para a organización dunha andaina (Exp. 606/2023)

Dáse conta da instancia presentada por Roberto Lloves González, en nome e representación da Asociación de veciños de San Pedro de Morerías, con CIF G32030355, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para sufragar os gastos de organización dunha andaina polo Concello, que tivo lugar o día 14/10/2023.

A entidade solicitante figura inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 07/08/2006.

Nas bases de execución (base 24^a, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2023 consta unha axuda con carácter nominativo para a Asociación de veciños de Moreiras, con CIF G32030355, polo importe máximo de 1.000,00 €, para a organización dunha andaina polo municipio.

De acordo co disposto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023, ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación de veciños de San Pedro de Morerías, con CIF G32030355A, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 1.000,00 €, cantidade recollida na base 24^a das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2023, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da organización dunha andaina polo municipio, que tivo lugar o día 14/10/2023. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria





deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 22/12/2023 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarase o seu pagamento.
- ✓ Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.
- ✓ Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde en Toén na data da sinatura electrónica.

(Documento asinado electronicamente na marxe)

